



ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA

Boletín Informativo: 4/2020

Estimada veciña, estimado veciño:

Ante a repetida **presenza de voluminosos e enseres vellos na vía pública ao carón dos colectores do lixo** na nosa parroquia e ante o incremento de **vertidos realizados no Monte Agüeiros** tanto en zonas rexeneradas recentemente coma nas beiras de camiños, e trala conversa mantida polo Alcalde da Entidade Local Menor de Arcos da Condesa co Responsable de Medio Ambiente do Concello de Caldas de Reis (administración encargada da xestión do lixo en tódalas parroquias do municipio), dispoñemos da información precisa para comunicarlle o que segue.

O **Servizo de Medio Ambiente do Concello** xestiona a **recollida de voluminosos e enseres vellos cada venres**. Trátase dun **servizo gratuíto** para a veciñanza. Para facer uso del **debe chamar ao teléfono** do Concello: **986 540 110 ou 986 540 002**.

Os voluminosos e enseres que se recollen son:

- Todo tipo de electrodomésticos (lavadoras, pranchas, lavalouza, quentadores, estufas, equipos de música, televisores, microondas, etc.)
- Mobles vellos (camas, sofás, colchóns, somieres, etc.)
- Calquera material metálico de uso doméstico.

En ningún caso se recollerán escombros, cascallos, restos de formigón ou de uralita, ou neumáticos. Os que non sexan recollidos **tampouco deberán deixarse na vía pública ou no monte**.

Respecto ao incremento de vertidos realizados no Monte Agüeiros, anunciámoslle que a Axente Forestal e SEPRONA son coñecedores da situación e tomaranse as medidas pertinentes, incluídas as sancións no caso de atopares á causante ou ao causante. O Monte de Utilidade Pública Agüeiros Nº1 é un espazo natural protexido do cal todas e todos debemos facer uso sen maldade. Así mesmo, constitúe un dos recursos patrimoniais por excelencia desta Entidade Local Menor e, por ende, da parroquia, dado que é a súa principal fonte de recursos.

Dende a Entidade **solicitámoslle encarecidamente a súa colaboración** para evitar que continúen aparecendo voluminosos abandonados en espazos naturais e na vía pública.

Proximamente, dende o equipo de goberno da Entidade Local Menor, informaremos sobre a situación na que se atopa o Monte de Utilidade Pública respecto a actuacións realizadas e obras pendentes, así como a futura venda de madeira.

Para finalizar, informamos sobre as novas **restricións decretadas pola Xunta de Galicia** para a prevención da **Covid-19** en toda a Comunidade Autónoma:

- Reunións dun máximo de 5 persoas non convivintes
- Restauración:
 - ◆ Prohibido o servizo en barra
 - ◆ 50% de ocupación no interior de bares
 - ◆ 75% de ocupación nas terrazas en exterior
- Vodas (exterior - interior): 100 - 50
- Velorios e enterros (exterior - interior): 25 - 10
- Eventos deportivos (exterior - interior): 150 – 60
- Comercios e lugares de culto limitados ao 50% de ocupación

Con motivo da festividade de **Todos os Santos e Defuntos**, a Xunta de Galicia recomenda que as visitas a cemiterios sexan como **máximo en grupos de 4 persoas** (do mesmo grupo familiar/persoas que viven xuntas) e durante un período **máximo de 30 minutos**. Alén diso, **evitarase o contacto físico** e cumprirase en todo momento a **distancia de seguridade interpersoal**. Así mesmo, será **obligatorio** o uso de **máscara**.

En Arcos da Condesa, a sábado 24 de outubro do 2020

O Alcalde Pedáneo da Entidade Local Menor de Arcos da Condesa

JOSE FRANCISCO ALONSO GÓMEZ

